



O CONCELLO DE NIGRÁN REMATA O PLAN DE SEGURIDADE VIAL NA RÚA FRANCISCA LAGO DE A RAMALLOSA

Nun tramo de 300 metros de Manuel Lemos, na mesma parroquia, estanse a substituír os colectores de saneamento e as beirarrúas por importe de máis de 30.000 euros.

“Con estas dúas obras respostamos ás peticións dos veciños e dos colectivos de San Pedro da Ramallosa”, sinala o alcalde.

Nigrán, 22/09/16.- O Concello de Nigrán ven de reordenar a rúa Francisca Lago, un vial vertebrador na parroquia de San Pedro da Ramallosa que une as estradas autonómicas PO-325 (Estrada Pola Vía) e PO-552 (Manuel Lemos) e que soporta unha gran cantidade de tráfico por ser unha zona moi poblada e rematar en Praia América. O traballo consistiu no pintado de nova sinalización horizontal para mellora da seguridade (especialmente para acceder á PO-325 ou PO-552), marcado de plazas de aparcamento ou creación dunha isla para os contenedores de lixo.

Precisamente, na mesma parroquia e a escasos metros, estase a rematar en colaboración coa Axencia Galega de Infraestruturas a reparación do colector de drenaxe da rúa Manuel Lemos. A inversión, de 30.236 euros, consiste na substitución desta infraestrutura obsoleta cuxo estado de deterioro provocaba o afundimento das beirarrúas, polo que resultaba urxente a súa reparación. Aproveitando estas obras, repoñerase todo ese tramo de uns 300 metros beirarrúa, completando así unha obra que levaba anos sendo demandada polos veciños (en febreiro a concesionaria do servizo municipal de abastecemento e saneamento de auga, Aqualia, en colaboración co Concello, levou a cabo obras de reparación no colector de saneamento da mesma rúa, a



menos de 100 metros de distancia, este tamén presentaba numerosas fendas polas que se filtraban augas fecais ao recinto do Colexio de Mallón e aos inmobles próximos).

“Con estas dúas obras respostamos ás peticións dos veciños e dos colectivos de San Pedro da Ramallosa. Por unha banda a reordenación do tráfico e a seguridade viaria na Rúa Francisca Lago e por outro a substitución integral da rede de saneamento e beirarúas no entorno do Colexio de Mallón”, sinala o alcalde, Juan González.